

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 10 de xaneiro de 2024 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado de actualización do proxecto de mellora da intersección no punto quilométrico 9+980 da PO-400, de clave PO/23/152.06.1; así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

Por Resolución do director da Axencia Galega de Infraestruturas do 10 de xaneiro de 2024 realizouse a aprobación provisional do proxecto de trazado de actualización do proxecto de mellora da intersección no punto quilométrico (p.q.) 9+980 da PO-400, de clave PO/23/152.06.1, no municipio das Neves (Pontevedra), que se tramitará segundo o disposto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Considerando o exposto e o establecido na normativa vixente,

ACORDO:

Primeiro. Someter ao trámite de información pública o proxecto de trazado de actualización do proxecto de mellora da intersección no p.q. 9+980 da PO-400, de clave PO/23/152.06.1, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular, por escrito dirixido á Axencia Galega de Infraestruturas, as alegacións que crean convenientes relativas á concepción global da actuación e das distintas alternativas analizadas, no seu caso, de acordo co disposto no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Segundo. Someter ao trámite de información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto, descritos na relación anexa, para que calquera persoa poida achegar por escrito os datos oportunos para rectificar posibles erros da relación publicada ou opoñerse, por razóns de fondo ou forma, á necesidade da ocupación. Neste caso, indicará os motivos polos que deba considerarse preferente a ocupación doutros bens ou a adquisición doutros dereitos distintos e non comprendidos na relación, como



máis conveniente ao fin que se persegue, de acordo co disposto nos artigos 17, 18 e 19 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa.

Terceiro. O prazo para presentar alegacións será de trinta (30) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

A documentación que compón o proxecto estará a disposición da cidadanía na sede central da Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (avenida M^a Victoria Moreno, 43-1^o, 36071 Pontevedra) e na Casa do Concello das Neves.

Así mesmo, a documentación íntegra do proxecto e un extracto do documento cos obxectivos, localización e descrición da actuación, estará dispoñible na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade:

<https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/informacion-publica/estudios>

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2024

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas





ANEXO
Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Actualización do proxecto de mellora da intersección no p.q. 9+980 da PO-400.

Clave: PO/23/152.06.1.

Concello das Neves.

Nº	Ref. catastral	Políg.	Parc.	Propietario/s	DNI/NIF	Clase solo (catastro)	Clasificación urbanística	Sit. básica solo (RDL 7/2015)	Exprop. (m ²)	Bens afectados		
										Cant.	Unidade	Descrición
1	36034A050001160000HW	50	16	Isabel Ubera Crespo	***1368**	Rústico	Solo núcleo rural	Rural	1.802	12	ud.	Carballo xove
1	36034A050001160000HW	50	16	Isabel Ubera Crespo	***1368**	Rústico	Solo rústico	Rural	413			
2	36034A050001170000HA	50	117	Descoñecido		Rústico	Solo rústico	Rural	2			
3	36034A050001260000HL	50	126	Cueros y pieles Jacinto, S.L.U.	B27448984	Rústico	Solo núcleo rural	Rural	63			
4	36034A050000910000HB	50	91	Antonio Álvarez Pereira		Rústico	Solo núcleo rural	Rural	33			
5	36034A050000900000HA	50	90	Castro y José II		Rústico	Solo núcleo rural	Rural	46			
6	36034A050000880000HB	50	88	María González Durán	***1501**	Rústico	Solo núcleo rural	Rural	56			
6	36034A050000880000HB	50	88	María González Durán	***1501**	Rústico	Solo rústico	Rural	15			
7	36034A050000870000HA	50	87	Darío Durán González		Rústico	Solo núcleo rural	Rural	20			
7	36034A050000870000HA	50	87	Darío Durán González		Rústico	Solo rústico	Rural	40			
8	36034A050001180000HB	50	118	Descoñecido		Rústico	Solo núcleo rural	Rural	2			
8	36034A050001180000HB	50	118	Descoñecido		Rústico	Solo rústico	Rural	103			